



<b>Obxecto:</b>	Resposta do promotor. Memoria modificada de Avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Proxecto de Parque Eólico Monteagudo.
<b>Proxecto:</b>	Estudo de Impacto Ambiental (EsiA) e Proxecto sectorial (PS) do Parque eólico Monteagudo.
<b>Concellos:</b>	Arteixo, Carballo e A Laracha (A Coruña)
<b>Remitido:</b>	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
<b>Clave:</b>	IN661A 03/03
<b>Expte:</b>	03.I.166.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 16.01.2023 ten entrada, no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre o Estudo de Impacto Ambiental (EsiA) e o Proxecto Sectorial do Parque Eólico Monteagudo, emitido en data de 10.11.2022. Facilitase a ligazón para descargar a documentación presentada polo promotor.

#### ANTECEDENTES E FEITOS

O 10.11.2022 a directora xeral de Patrimonio Cultural informa **desfavorablemente** o parque eólico Monteagudo tal e como o reflicten os documentos *Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021*, e *Proyecto Sectorial Parque Eólico Monteagudo, octubre 2021* dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE num. 294, do 06.12.2018)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.(DOG núm 126 do 04.07.2022)*

#### **Análise da documentación**

A nova documentación remitida, *Memoria II revisión III de avaliación de impacto arqueolóxico do parque eólico Monteagudo (2023)*, recolle a modificación do deseño do parque e a súa avaliación patrimonial, así como as fichas individualizadas correspondentes aos xacementos arqueolóxicos cuxa valoración do impacto modifícase.

- As modificacións do deseño do parque son as seguintes:





- Eliminación o aeroxenerador A1.2, pola seu impacto sobre os túmulo de Chousa do Rapadoiro Vello.
  - Eliminación da plataforma de acopio de palas do aeroxenerador A1.1, reducindo a superficie afectada para a implantación desta máquina.
  - Modificación do trazado do vieiro de acceso ao aeroxenerador A1.1, evitando a afección sobre a necrópole de Carballedo.
- A documentación remitida inclúe a avaliación do impacto das modificacións do proxecto para evitar obras na zonas de cautela arqueolóxica.

As cambios realizados modifican de xeito parcial a avaliación do impacto sobre o patrimonio arqueolóxico, e nalgún caso o eliminan impactos.

De acordo con esta memoria modificada, no ámbito de estudo recóllense 12 elementos do patrimonio cultural, 2 etnográficos e o resto arqueolóxicos. Dos que 6 son elementos afectados polas obras, 5 de carácter arqueolóxico. Presentan ficha individualizada para os 10 bens arqueolóxicos que se localizan mais preto das obras, se avalía o impacto e se propoñen medidas protectoras e correctoras específicas para cada un deles:

Elemento	Axente de Impacto	Impacto	Medidas correctoras específicas
Túmulo 1 de Carballedo. GA15019037	Calquera obra sitúase a mais de 200 m do xacemento. Tanto vieiro de acceso como A1.1 sitúanse no ámbito de protección delimitado polo PXOM de Carballo que contempla esta instalación eólica.	Compatible	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo do vieiro, verificando que o punto mais próximo da obra situase á distancia especificada. Control arqueolóxico da execución das obras previstas na zona.
Túmulo 2 de Carballedo. GA15019038	Calquera obra sitúase a mais de 260 m do xacemento. Tanto vieiro de acceso como A1.1 sitúanse no ámbito de protección delimitado polo PXOM de Carballo que contempla esta instalación eólica. A mais de 240 metros de calquera obra do PE.	Compatible	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo do vieiro, verificando que o punto mais próximo da obra situase á distancia especificada. Control arqueolóxico da execución das obras previstas na zona.
Túmulo 3 de Carballedo. G15019041	Calquera obra sitúase a mais de 270 m do xacemento. Tanto vieiro de acceso como A1.1 sitúanse no ámbito de protección delimitado polo PXOM de Carballo que contempla esta instalación eólica. A mais de 240 metros de calquera obra do PE.	Compatible	Sinalización do xacemento na planimetría de obra. Delimitarase a zona de obra mediante balizado. Control arqueolóxico do replanteo do vieiro, verificando que o punto mais próximo da obra situase á distancia especificada. Control arqueolóxico da execución das obras previstas na zona.
Capilla (topónimo) GA15019005	O topónimo ocupa unha zona onde se sitúan os aeroxeradores A1.1 e A2.1, así como a subestación, vieiros e gabias.	Compatible	Sinalización da área designada polo topónimo na planimetría da obra. Control arqueolóxico da retirada de vexetación na zona, previo ao inicio da obra. Asemade control arqueolóxico durante a execución das obras proxectadas na zona.
Posibles túmulos en O Bosque e A Piallosa	Na zona sitúase o vieiro de acceso ao aeroxerador A3.1.	Compatible	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra. Control arqueolóxico da retirada de vexetación na zona previo ao inicio da obra durante o control arqueolóxico do parque. De confirmarse a existencia do xacemento a DXPC tomará as medidas que considere mais axeitadas.
Túmulo 3 de Chousa do	Calquera tipo de obra situarase a mais de 230 metros do xacemento,	Sen impacto	Sinalización do xacemento na planimetría de obra.





Rapadoiro Vello. GA15041036	concretamente o vieiro de acceso ao aeroxenerador A1.1		
A Muralla (topónimo) GA15041009	A mais de 200 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto	Sinalización da zona denominada polo topónimo na planimetría da obra.
Túmulo 1 de chousa do Rapadoiro Vello. GA15041034	A mais de 350 metros de calquera obra do PE.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Túmulo 2 de chousa do Rapadoiro Vello. GA15041035	A mais de 350 metros de calquera obras do PE.	Sen impacto	Sinalización do xacemento e a súa área de protección na planimetría da obra.
Mámoas de Alvite. GA15005030	A mais de 1 quilómetro de calquera obra do PE.	Sen impacto	Sen medidas específicas.

- Establécense medidas correctoras de carácter xeral:
  - Sinalización na planimetría de obra tanto da situación dos xacementos arqueolóxicos como dos restantes elementos patrimoniais existentes dentro da área de afección do proxecto construtivo como das súas correspondentes áreas de protección.
  - No se realizarán remocións nin acopios non previstos en ningunha zona da obra sen consultar aos arqueólogos que leven a cabo os traballos de control arqueolóxico. Calquera obra de reforma ou modificación de camiños ou vieiros non prevista en proxecto deberá contar coa aprobación e supervisión dos arqueólogos encargados do control e seguimento arqueolóxico das obras.
  - As obras de construción das plataformas, zapatas e resto de infraestruturas restrinxiranse ás áreas marcadas para tal fin, tal e como se reflicten en planimetría.
  - Prohibición de tránsito e estacionamento de maquinaria fora das áreas habilitadas para este fin, especialmente na contorna inmediata dos xacementos e bens patrimoniais recollido neste documento e os seus respectivos ámbitos de protección.
  - Limpeza e retirada de vexetación baixo control arqueolóxico previo ao inicio das obras tanto na área de control de retirada de vexetación *O Bosque-Piollosa* como na zona de control *Capilla*. Asemade realizarase a limpeza e retirada de vexetación na posición das outras dúas anomalías detectadas ao nordeste da necrópole de Chousa do Rapadoiro Vello.

### Consideracións técnicas

Os cambios realizados no deseño do proxecto do parque eólico, e recollidas na documentación obxecto do presente informe, modifican ou eliminan os impactos sobre o patrimonio arqueolóxico:

- **Mámoa de Chousa do Rapadoiro Vello 3 (GA15041036):** eliminación do aeroxenerador A1.2, e todas as infraestruturas asociadas. Deste xeito evítase afectar ao perímetro de 200 metros en toda a necrópole de Chousa do Rapadoiro Vello.
- Modificación do vieiro de acceso ao aeroxenerador A1.1, desprazándose cara o leste, fora das áreas de protección da necrópole de Carballedo.
- Redución da superficie afectada pola instalación do aeroxenerador A1.1, eliminando a plataforma de acopio das palas.

### INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación presentada e nas consideracións técnicas, se informa de xeito favorable o *Parque Eólico Monteagudo* coas medidas protectoras e correctoras propostas recollidas no Anexo H do EslA e no documento *Memoria II revisión III de avaliación de impacto arqueolóxico do parque eólico Monteagudo (2023)*, e tendo en conta as seguintes consideracións e condicións:





- Compre revisar a seguintes anomalías topográficas:
  - No Anexo H do EslA indícase que a análise da cartografía LiDAR e do mapa de pendentes permitiu identificar catro posible xacementos: dous ao nordeste dos túmulos de Chouso do Rapadoiro Vello (x: 531800.52, y: 4794954.33 e x: 531648.36, y: 4794905.15), e dous cerca do lugar coñecido como O Bosque (x: 532240.60, y: 4793419.71 e x: 532201.09, y: 4793493.26). Os primeiros están fora da area de afeccións das obras proxectadas, pero sería necesario verificar a súa natureza cunha limpeza da zona. No segundo caso, tamén sería necesario realizar unha limpeza máis detallada da zona, xa que de confirmarse o seu carácter arqueolóxico, poderían verse afectados polas obras do vieiro de acceso ao aeroxerador A.1 (a 10 e 58 m respectivamente do terraplén do vieiro).
  - Anomalía topográfica (coordenadas UTM x: 531073.04, y: 4794199.32) afectada por unha explanación a escasos metros dun cruce de vieiros.
  - Dentro da poligonal do parque aínda que fora da área de afección das obras proxectadas atópase o topónimo *Monte de Castro* (UTM x: 530727.27, y: 4794417.55).
- Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto incorporará tanto as medidas correctoras recollidas no Anexo H do EslA como na *Memoria II revisión III de avaliación de impacto arqueolóxico do parque eólico Monteagudo (2023)*.
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser presencial, continuo e a pé de obra no contorno de protección dos bens arqueolóxicos ou calquera outro que poida aparecer durante o transcurso das obras.
- Estableceranse zonas específicas de cautela nos ámbitos que serán ocupados polas plataformas, as cimentacións dos aeroxeradores e as infraestruturas asociadas, nas que as rozas de vexetación previas á executar calquera movemento de terras deberán facerse baixo control arqueolóxico, que terá carácter presencial, continuo, intensivo e a pé de obra.
- Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade das obras.
- Respecto do Proxecto sectorial.
  - Os xacementos arqueolóxicos Chouso do Rapadoiro Vello (1, 2 e 3), non están recollidos no catálogo de patrimonio do PXOM concello de A Laracha, aínda que si no PBA, polo que de xeito complementario e subsidiario teñen un área de protección 200 m dende o límite máis exterior do ben.
  - No Proxecto Sectorial no subapartado 3.4.6.- Patrimonio Cultural, recóllense todos os elementos arqueolóxicos, aínda que faltan topónimos (Muralla (TO15041009) e Capilla (TO15019005). O topónimo Muralla, aparece na cartografía do catastro tanto como Muralla como As Murallas.
  - Deberá completarse con todos os elementos de patrimonio cultural, valoracións de impacto e proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no estudo de impacto ambiental. Os contornos de protección dos bens serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Asemade, as modificacións do devandito estudo deberán recollese para que haxa correspondencia entre os dous documentos.





- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre sinalar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou o concello previa concesión de licenza deberá remitir o correspondente proxecto técnico.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

